

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2017.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de outubro de dous mil dezasete; as dez horas e vinte e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado nove de outubro do dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito de don Julio Feijoo Sánchez, funcionario do concello de Ribadavia, renunciando aos días de asuntos propios concedidos para os días 17 e 18 de outubro de 2017 por baixa dun compañeiro. A Xunta de goberno acorda aceptar a renuncia presentada.

-Escrito de dona María Laura García Janeiro, en representación da súa familia, solicitando a legalización de depósito para colocar as cinzas de dous familiares defuntos no segundo socalco esquerdo do cemiterio. A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autorizando a actuación de “ Colocación de casetas refuxio para a xestión de colonias felinas”

-Informe emitido pola Area de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense en relación á solicitude municipal en relación co estado das árbores na rúa Progreso de Ribadavia.

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense concedendo un trámite de audiencia en relación coa aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo intermunicipal de recollida de residuos urbanos.

-Escrito da Deputación Provincial de Ourense concedendo un trámite de audiencia en relación coa aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria.

-Oficio da Xerencia Territorial do Catastro da Delegación de Economía e Facenda en Ourense con rexistro de saída de 10 de outubro de 2017. A xunta de goberno toma coñecemento e reitera a solicitude á Xerencia Territorial do Catastro que se deixe sen efecto para o ano 2018 a aplicación no concello de Ribadavia do coeficiente a que se refire o artigo 32.2 do Real Decreto legislativo 1/2004 en base ao principio de autonomía local e que se fagan todas as xestións oportunas nesa dirección.

-Escrito da Sección de Disciplina Urbanística do concello de Ourense notificando proposta de resolución de expediente sancionador por presunta colocación de carteis anunciadores da Feira do Viño, Expediente sancionador nº 2017011736. A Xunta de Goberno Local acorda formular as seguintes alegacións: O artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público dispón que “ só poderán ser sancionados por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables dos mesmos a título de dolo ou culpa”

Tal e como sinalan as Sentenzas do Tribunal Constitucional 219/1988 e 270/1994 , e a Sentenza do Tribunal Supremo de 26 de xaneiro de 1998 (Arz.573) coa sanción só débese castigar ao infractor , o que impide a traslación de responsabilidade sancionadora a unha persoa allea.

Para imputar responsabilidade administrativa a unha persoa xurídica, a acción ten que ter sido realizada por algún dos seus órganos ou axentes, estando proscrita no noso ordenamento xurídico a responsabilidade puramente obxectiva. Así as Sentenzas do Tribunal Supremo de 12 (recurso 388/1994) e 19 de maio de 1998 que indican que no ámbito sancionador “ está vedado calquera intento de construír unha responsabilidade obxectiva”

Dado que ningunha autoridade, persoal laboral, funcionario ni ningunha persoa contratada polo concello de Ribadavia colocou o cartel obxecto do expediente, pola presente solicitamos que dado que os feitos obxecto do expediente sancionador nº2017011736 do concello de Ourense non son imputables ao concello de Ribadavia que se estime as presentes alegacións e se derroge e deixe sen efecto a proposta de sanción de 300 euros ao concello de Ribadavia de data 25 de setembro de 2017 formulada pola instructora do procedemento..

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Contratación do proxecto de” Implantación dun equipamento térmico de biomasa no Colexio de Francelos”

Con data 1 de agosto de 2017 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a seguinte resolución:

Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa , para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional , no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Expediente IN421G-17R88

Titular: Concello de Ribadavia.

Tipoloxía: B2- Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 250$ litros e $V < 1000$ litros

Título operación : Colexio Francelos.

Na que se concede unha subvención por importe de 7.453,60 euros.

O importe da actuación é de 12.051,60 euros, IVE engadido. Orzamento sen IVE 9.960,00 €
IVE 2.091,6 €

Visto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

-artigo 12: “Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros doutra clase entenderase, en todo caso, para a determinación das normas que deban observarse na adxudicación , ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

-artigo 88.1: A todos os efectos previstos nesta lei o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o IVE, pagadeiro según as estimacións do órgano de contratación.

-artigo 138.3: “ os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo as normas establecidas no artigo 111.

Son contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros , cando se trate de contratos de obras, e a 18.000 euros nos outros tipos de contratos.

Visto o informe de Secretaría, e en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local ACORDA:

PRIMEIRO-Levar a cabo o contrato mixto de subministro e obra de “ Implantación dun equipamento térmico de biomasa na Escola de Francelos “ co contratista ENOL VITIS Ferretería SL CIF B32468530 por importe de 9.960,00 euros e 2.091,6 euros de IVE.

SEGUNDO.-O contratista debe colocar un cartel con información sobre o proxecto dun tamaño mínimo A3, no que se mencionará a axuda financeira do Inega da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio. O cartel publicitario temporal debe cumprir o establecido no artigo 5 do Regulamento UE núm 821/2014 da Comisión , do 28 de xullo de 2014

TERCEIRO-O contratista achegará un certificado do instalador no que se indique a data de finalización da instalación subvencionada asinado por técnico competente, en caso de que a potencia do proxecto sexa superior a 70kw achegarse, no seu lugar, o certificado de dirección de obra da instalación executada, asinado por técnico competente. Sempre que sexa obrigatorio para a posta en servizo da instalación , debe presentar o xustificante da solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria no que se recolla tanto a identificación das características do proxecto como o código de acceso.

Asemade o contratista debe aportar fotografías do equipamento instalado .

CUARTO-A data límite de remate da actuación é o 4 de novembro de 2017.Dado que se trata dunha actuación subvencionada é o prazo límite de data de xustificación é o 7 de novembro a documentación xustificativa debe estar presentada no concello o día 6 de novembro, constituíndo dita data obriga contractual esencial aos efectos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO-Unha vez realizada a prestación incorpórese a factura e tramítese o pago se procede

Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma. Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica.

SEXTO.- Notifíquese a presente resolución ao adxudicatario.

Contratación do proxecto de “ Implantación dun equipamento térmico de biomasa na escola de San Cristobo”

Con data 1 de agosto de 2017 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) a seguinte resolución:

Resolución de concesión de axuda para a realización de proxectos de equipamentos térmicos de biomasa , para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional , no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Expediente IN421G-17R87

Titular: Concello de Ribadavia.

Tipoloxía: B2- Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 250$ litros e $V < 1000$ litros

Título operación : Colexio San Cristobo.

Na que se concede unha subvención por importe de 7.453,60 euros.

O importe da actuación é de 12.051,60 euros, IVE engadido. Orzamento sen IVE 9.960,00 €
IVE 2.091,6 €

Visto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

-artigo 12: “Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros doutra clase entenderase, en todo caso, para a determinación das normas que deban observarse na adxudicación , ao carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico.

-artigo 88.1: A todos os efectos previstos nesta lei o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o IVE, pagadeiro según as estimacións do órgano de contratación.

-artigo 138.3: “ os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo as normas establecidas no artigo 111.

Son contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros , cando se trate de contratos de obras, e a 18.000 euros nos outros tipos de contratos.

Visto o informe de Secretaría, e en exercicio de competencia delegada por decreto de alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local ACORDA:

PRIMEIRO-Levar a cabo o contrato mixto de subministro e obra de “ Implantación de equipamento térmico na Escola de San Cristobo “ co contratista ENOL VITIS Ferretería SL por importe de 9.960,00 euros e 2.091.6 euros de IVE.

SEGUNDO.-O contratista debe colocar un cartel con información sobre o proxecto dun tamaño mínimo A3, no que se mencionará a axuda financeira do Inega da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio. O cartel publicitario temporal debe cumprir o establecido no artigo 5 do Regulamento UE núm 821/2014 da Comisión , do 28 de xullo de 2014

TERCEIRO- O contratista achegará un certificado do instalador no que se indique a data de finalización da instalación subvencionada asinado por técnico competente, en caso de que a potencia do proxecto sexa superior a 70kw achegarse, no seu lugar, o certificado de dirección de obra da instalación executada, asinado por técnico competente. Sempre que sexa obrigatorio para a posta en servizo da instalación , debe presentar o xustificante da solicitude de inscrición no rexistro correspondente da consellería competente en materia de industria no que se recolla tanto a identificación das características do proxecto como o código de acceso.

Asemade o contratista deberá aportar fotografías do equipamento instalado.

CUARTO-A data límite de remate da actuación é o 4 de novembro de 2017.Dado que se trata dunha actuación subvencionada é o prazo límite de data de xustificación é o 7 de novembro a documentación xustificativa debe estar presentada no concello o día 6 de novembro, constituíndo dita data obriga contractual esencial aos efectos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO-Unha vez realizada a prestación incorpórese a factura e tramítese o pago se procede

Conforme á Disposición Adicional Trixésimo Terceira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expida polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os extremos previstos no apartado segundo da citada Disposición Adicional Trixésimo Terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica.

SEXTO.- Notifíquese a presente resolución ao adxudicatario.

Aprobación de proxecto de “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de San Cristobo”

Visto o proxecto (informe técnico de) “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de San Cristobo “ redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, con número de rexistro de entrada no concello 5109 de 17 de outubro de 2017.

Visto o artigo 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:” as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto, logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor.”

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 17 de outubro de 2017.
A xunta de goberno acorda:

Aprobar o proxecto (informe técnico de) “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de San Cristobo “redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, con número de rexistro de entrada no concello 5109 de 17 de outubro de 2017.

Aprobación de proxecto de “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de Francelos”

Visto o proxecto (informe técnico de) “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de Francelos “redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, con número de rexistro de entrada no concello 5110 de 17 de outubro de 2017.

Visto o artigo 147.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:” as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto, logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor.”

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal de data 17 de outubro de 2017.

A xunta de goberno acorda:

Aprobar o proxecto (informe técnico de) “ Implantación dun equipamento térmico na Escola de Francelos “ redactado polo arquitecto don Enrique Otero González, con número de rexistro de entrada no concello 5109 de 17 de outubro de 2017.

Contrato de subministración de vehículo

Considerando a necesidade municipal de adquirir un vehículo para os servizos eléctricos municipais.

Visto o Orzamento presentado por Talleres Estación Ribadavia SL , con rexistro de entrada de 17 de outubro de 2017, por importe de 6000 euros, IVE 1260, Total orzamento 7.260 euros, relativo ao vehículo Renault Kangoo 1791 HVN.

Visto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

-artigo 138.3: “ os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo as normas establecidas no artigo 111.

Son contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros , cando se trate de contratos de obras, e a 18.000 euros nos outros tipos de contratos.”

A xunta de goberno acorda:

-Levar a cabo a subministración do vehículo Renault Kangoo 1791 HVN por importe de 6000 euros, IVE 1260, Total orzamento 7.260 euros con Talleres Estación Ribadavia SL CIF B32476772, mediante o procedemento de contrato menor.

-Aprobar o gasto correspondente con cargo a partida 165 62500 por importe de 7.260 euros.

-Aprobar a factura número C/23, de data 17/10/2017 emitida por Talleres Estación Ribadavia SL por importe de 6.000 euros, IVE 1260 euros, importe total 7260 euros, correspondentes ao vehículo Renault Kangoo 1791 HNV.

XERACIÓN DE CRÉDITOS N°8/17.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos n°8/17, por importe de 2.942,41 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

-Informe da empresa Aqualia concesionaria do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración sobre o estado de nivel de captación no río Maquiáns.

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes convenios:

- Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Asociación Deportivo Cultural Ribeiro , para a utilización das instalacións deportivas municipais.
- Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Marusia Ribadavia, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
- Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Irmandade Deportiva Os Sarmiento para a utilización das instalacións deportivas municipais.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Escola Balonman Ribadavia para a utilización das instalacións deportivas municipais.
- Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Francelos FC de Fútbol , para a utilización de instalacións deportivas Municipais e o Mantemento do Campo de fútbol A Valvoa de Francelos.
- Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Mizukami Escuela de karate Shotokan , para a utilización das instalacións deportivas municipais e promoción da actividade de Goshin.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Ribadavia